



CONCELLO DE REDONDELA

**SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE SAN VICENTE DE
TRASMAÑÓ, CELEBRADA O 9 DE OUTUBRO DE 2014**

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Concreción definitiva dos orzamentos participativos correspondentes ao exercicio 2014.
- 3.- Varios

No Centro Cultural de San Vicente de Trasmañó, sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos do día nove de outubro de dous mil catorce, baixo a Presidencia da concelleira ERMINDA QUELLE FERNÁNDEZ, da comezo a sesión coa asistencia, ademais, dos seguintes membros:

GRUPOS POLITICOS:

PSOE – DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ, incorporouse a sesión ás vinte e unha horas e quince minutos.

PP – MARIA JOSÉ BARCIELA BARROS

B.N.G. - XABIER BALSAS BARBEIRA en substitución de don JOSÉ LUIS GRANDE GRANDE, designado polo grupo político mediante solicitude presentada polo Rexistro Xeral do Concello de Redondela de data 30 de xuño de 2014 e con núm. de entrada 10.416.

A.E.R.- LUIS ANTONIO MEDAL FIEL

ASOCIACIÓNS CULTURAI:

ALVARO RICÓN GONZÁLEZ

ANA SANTOMÉ SANTOS

COMUNIDADE DE MONTES:

FERNANDO MAGDALENA RODRIGUEZ

FERNANDO MAGDALENA BLANCO

JOSÉ LUIS RIOBÓ GIL



CONCELLO DE REDONDELA

AVELINO ALONSO CRUZ

ASOCIACIÓN DE MULLERES:

CARMEN CABALEIRO LAGO

COMUNIDADE DE AUGAS:

MARIO SÁNCHEZ ÁLVAREZ

NON ASISTIRON:

Don JOSÉ RICARDO EXPÓSITO ALONSO, representante das Asociacións Culturais.

Don EMILIO PARADA COVELO, representante das Asociacións Culturais.

Don JESÚS BAMBA VÁZQUEZ, representante da Comunidade de Augas.

Don AGUSTÍN FERNÁNDEZ ALVAREZ, representante das Asociacións Deportivas.

INCIDENCIAS.-

Aberta a sesión pola Presidencia, comezase co primeiro punto do orde do día que é a aprobación da acta anterior (celebrada o día 1 de xullo de 2014), sendo aprobado por unanimidade. O representante do BNG, don Xabier Balsas Barbeira advirte que nas próximas actas se faga constar as intervencións de cada membro do Consello Parroquial.

A continuación pásase ao punto seguinte que é o de "Concreción definitiva dos orzamentos participativos correspondentes ao exercicio 2014":

A Presidenta pasa a palabra a dona M^a Xosé Barciela Barros. O representante do BNG, don Xabier Balsas Barbeira, di que quen ten que explicar este punto é a presidencia e non M^a Xosé Barciela Barros. A presidencia explica que M^a Xosé, concelleira de Parques e Xardíns, é a máis idónea para explicar en que se poden destinar os participativos do ano 2014 xa que traballou máis a fondo no tema. Asunto que está apoiado por don Fernando Magdalena Blanco



CONCELLO DE REDONDELA

A continuación, Ana Santomé Santos manifiesta que o ano pasado se tivo tanto présa en destinar os orzamentos participativos en cousas que noutras parroquias as estaban a poñer fóra dos mesmos (exemplo: colocación de taboleiro de anuncios para colgar documentación...) e este ano trátase de gastar nun proxecto.

A isto, a Presidencia contesta que facer o proxecto para o arranxo do Camiño dos Postes é unha suxestión e que se non se está de acordo se busquen outras alternativas. Ademais, a concelleira de Parques e Xardíns di que hai certas parroquias como o Viso ou San Martiño onde se destinaron os orzamentos participativos para colocar material básico como espellos ou paneis.

Don José Luis Riobó Gil pregunta á presidencia en canto sairía a obra o arranxo do Camiño dos Postes

A iso, a concelleira M^a Xosé di que sobre uns 30.000-40.000 euros.

A isto, don Xabier Balsas Barbeira pregunta por que non fan o proxecto os técnicos do Concello, o que a Concelleira contesta que non o fan porque teñen moito traballo.

Dona Ana Santomé Santos dá a queixa de que se viña coa idea de aprobar un proxecto e que agora dan a opción de poder elixir máis propostas e que os membros do Consello non valoraron esa posibilidade.

A esta postura, don Luis Antonio Medal Fiel di que aprobar un proxecto sen un compromiso é unha loucura xa que hai acordos plenarios que se aprobaron hai 3 anos e aínda non se levaron a cabo, como por exemplo, “Os Montes das Telleiras de Cesantes” ou o Punto Limpo ou (comenta don Xabier Balsas Barbeira) o Centro de Día.

A presidencia volve insistir que se se ten o proxecto xa se ten algo adiantado. Explica que se en anos anteriores tivesen proxectos poderíanse facer máis obras. A isto M^a Xosé Barciela Barros di que cando se conceden subvencións e non se chega ao tope do gasto, se pode reencher con obras (de 20.000 euros) que xa teñen proxecto.



CONCELLO DE REDONDELA

A continuación toma a palabra dona M^a Xosé Barciela Barros e di que segundo o anterior Consello Parroquial os participativos do ano 2014 van ser destinados a:

a) Colocar 3 quitamedos:

- O de Fondón
- O do Camiño das Laxes.
- O da Curva da Tol.

} Sobre 5.000 euros

b) Arranxar o Camiño dos Postes ou da Moraliña (resto do orzamento).

M^a Xosé aclara que o resto do orzamento non chega para levar a cabo dita obra. Fixo consulta co aparelador do Concello, e este di que non chega porque se necesita facer un proxecto, xa que non chega cunha memoria e ademais necesitase moito formigón.

M^a Xosé manifesta que a proposta por parte do Concello e en concreto de alcaldía, é facer o proxecto e así xa se ten algo avanzado.

Don José Luis Riobó Gil declara que o Concello ten que facer o resto porque os veciños de Trasmañó pagan impostos e isto ten que verse reflectido na parroquia.

M^a Xosé di que: “Si está o proxecto, xa se ten avanzado porque así para o ano é máis rápido”.

Feitas consultas con varios profesionais o proxecto ten un custe de entre 3.350 e 3.500 euros.

Don Mario Sánchez Alvarez comenta se facer o proxecto dá a suficiente seguridade de que a obra se faga para o ano, que se non vai supoñer perda de tempo e diñeiro.

Don Alvaro Ricón González manifesta que se proxecto se fai este ano e para o ano o muro, que vai pasar se non chegan os cartos para o ano? teríamos que esperar un ano máis?

A isto a concelleira M^a Xosé di que se xa tes o proxecto e o permiso dos veciños, as obras saen máis rápido.



CONCELLO DE REDONDELA

Don José Luis Riobó Gil di que xa que a proposta da colocación do quitamedos xa estaba aprobada, xa se tiñan que haber colocado ao que M^a Xosé contesta que non se pode facer ata que estea todo aprobado.

Dona Ana Santomé Santos pregunta se a colocación dos quitamedos non ían nos orzamentos participativos do ano 2013 ao que M^a Xosé di que non.

Don José Luis Riobó Gil di que esta sesión do Consello tiña que celebrarse antes ao que a presidencia contesta que non se fixo porque non se tivo tempo. A isto a concelleira M^a Xosé di que xa vaian pensando en que se vai a investir nos participativos do ano 2015.

A continuación, celébrase votación para ver se se leva a cabo o proxecto do arranxo do Camiño da Moraliña, quedando de seguinte xeito: 8 a favor, 2 en contra e 3 abstencións.

Don Alvaro Ricón González, pregunta porque hai parroquias que hai anos que levan cos participativos e Trasmañó só 2, ao que a presidencia contesta que ata o ano 2012 só había 3 e no 2.013 se ampliou a tódalas parroquias do Concello.

Co resto do orzamento dos participativos do ano 2014, despois do destinado á colocación dos quitamedos e ao proxecto do arranxo do Camiño da Moreliña, a presidencia invita a que os membros do Consello fagan distintas propostas, que son:

- Facer unhas bases para os colectores do lixo. A concelleira di que se pasará pola zóna para ver cantos se necesitan para pedir un presuposto (proposta de J. Luis Riobó Gil)
- Poñer unha canalización na Pista da Auga, para recoller a auga que baixa, dende o Alto da Encarnación (proposta de Alvaro Ricón González e Ana Santomé Santos).
- Canalizar a entrada do campo de fútbol (proposta de Fernando Magdalena Blanco).
- Colocar unha marquesiña na Curva da Tol (Mario). Pasarase a ver si é factible pola forma que ten o terreo, xa que pode ser perigoso para os nenos.



CONCELLO DE REDONDELA

Vanse visitar as zonas para pedir un presuposto para levalo na seguinte sesión que se celebre (de carácter extraordinario) para ver que propostas se aproban con cargo aos participativos do ano 2014.

A continuación pásase o seguinte punto, que é o de Varios:

Aquí fanse as seguintes propostas e suxestións para contribuír a unha mellor situación da parroquia:

- José Luis Riobó Gil reitera que se quedou de falar co dono da leira na que se pretende facer unha rotonda para que dea volta a empresa de autobuses VITRASA. Segundo as súas pescudas a leira é duns familiares que están no estranxeiro da muller de "Emilio". A presidenta comprométese ir con José Luis para falar con ela para así pórse en contacto cos propietarios da leira.
- Don Fernando Magdalena Blanco propón que se retiren 4 pedras (2 grandes e 2 máis pequenas) que dificultan o paso dos viandantes no Paseo da Senda da Auga (onde comeza, onde están os letreiros da Senda).
- Don Fernando Magdalena Rodríguez di que se asfalte o retranqueo e se entube onde se fixo o muro da nai de Nati. A presidencia di que se deu orde ao Concelleiro de Vías e Obras para que se solucione.
- José Luis Riobó Gil e Xabier Balsas Barbeira din que hai que poñer unha solución ás raíces que comen o asfalto da estrada que sobe á Casa de Cultura da Parroquia de Trasmañó. Don Fernando Magdalena di que é mellor que se corten as árbores e despois que se arranxe o asfalto. A isto, para acelerar o procedemento a concelleira M^a Xosé invita á asociación de veciños que trate de localizar quen son os propietarios das leiras lindantes coa estrada para poñerse directamente xa con eles e así a Policía só se encargaría de notificarlle que cortasen as árbores. Fernando Magdalena Rodríguez di que se faga por tramos para que non se tarde tanto. A isto, a presidenta di que se fará todo dunha vez e non por tramos, por iso igual leva o seu tempo.



CONCELLO DE REDONDELA

- Don Xabier Balsas Barbeira pregunta se sabe algo do Centro de Día. E dona Digna Rivas Gómez di que na última Comisión Informativa de Servizos Sociais que se celebrou hai un mes non se sabía nada. A isto, a presidencia di que o Sr Alcalde solicitou unha serie de documentación e que cando a teña, convocará unha Asemblea cos veciños. Neste punto hai discrepancias se é mellor celebrar un Consello onde estea presente o Alcade ou unha Asemblea con tódolos veciños; ao final, deciden que o máis axeitado é unha Asemblea (non se debe mesturar a Asemblea co Consello).
- Don Luis Antonio Medal Fiel pregunta á presidenta se o pode informar sobre a ampliación da AP-9 e como afecta isto á parroquia de Trasmañó. A Presidenta di que para a seguinte sesión que se celebre traerá a suficiente documentación para informar ben, di que afecta a Cabanas e que tódolos veciños da zona están de acordo menos 2 porque piden a expropiación, pero non está moi segura, por iso reitera que para seguinte sesión virá ben documentada. José Luis Riobó Gil pon en aviso ao Concello que lle recrimine ao periodista “Pinacho” que se documente ben cando escriba algún artigo sobre este tema. Don Fernando Magdalena suxire que se faga presión por parte do Concello e dos veciños para que elimine o pagamento da peaxe como se fixo no seu momento en Cangas. A isto, a presidencia di que unha das condicións que se vai a poñer.
- Don Mario Sánchez Alvarez pregunta como está o tema da Empresa “Eucosa”. A isto, a presidencia di que hai unha plataforma que loita con ela, que presentou unha reclamación polo cheiro que desprende. Di que os tribunais déronlle a razón á plataforma e se volveu recorrer ante o Tribunal Superior de Xustiza o cal ditaminou a favor da plataforma, sendo a sentenza firme. Pero entremedio, a empresa solicitou a Xunta autorización para realizar a actividade, sendo concedida. Agora hai o problema de si se cumpre a sentenza e se desmantela a fábrica xa que esa actividade non se pode realizar nese lugar ou se pode realizar a actividade coa autorización da Xunta.
- Luis Antonio Medal Fiel di que vai pasar co “Castelo de Trasmañó ou de Rande “ coa ampliación da AP-9. A Presidenta di que se vai informar e para a seguinte sesión que se celebre virá o suficientemente documentada para falar do tema.



CONCELLO DE REDONDEIRA

- Varios membros dñ que antes de que finalice o mes de outubro ou a principios de novembro se celebre unha sesión extraordinaria do Consello para cerrar os destinos definitivos do exercicio 2014.

E, non sendo outro o obxecto da presente reunión, pola Presidencia dáse por rematada esta, sendo as vinte e unha horas e cincuenta e cinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, esténdese a presente acta, da que, como Secretaria, DOU FE.-

A PRESIDENTA

A SECRETARIA

ERMINDA QUELLE FERNÁNDEZ



Mª BELÉN RODRÍGUEZ LÓPEZ